ALEJANDRA RODRIGUEZ CORTEGOSO (1 para 2)
Aux. Administrativo
Data de Sinatura: 11/11/2026
HASH: c334f3172287820 8e1bd9f527b122abd

CRISTINA MARIA GARCÍA GONZALEZ (2 para 2)
INFORMADORA JUVENIL
Data de Sinatura: 11/11/2026
HASH: 2ff5f1a545456e0b8319a86168 32ec62

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TRABALLADOR/A PARA REALIZAR AS FUNCIÓNS DE COIDADOR/A PLAN MADRUGA-COMEDOR DURANTE O PERÍODO DE INCAPACIDADE TEMPORAL DA TRABALLADORA SUBSTITUÍDA

Expte 1074/2026

ESTUDO DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS ÁS PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLOS ASPIRANTES REMITIDOS POLO SPEG E INTERESADOS EN PARTICIPAR EN DITO PROCESO SELECTIVO, PUBLICADAS NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DA PÁXINA WEB E DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELO DE MEAÑO. OFERTA EMPREGO 12-2026-10507

Reunido o 11/11/2026, o tribunal do referido proceso selectivo, para o estudo das alegacións presentadas ao anuncio do 06/11/2026 relativo á valoración da fase de concurso, puntuacion final e proposta de contratación.

No prazo de 1 día hábil (9 de novembro de 2026) presentáronse as seguintes alegacións:

- Nerea Parra Iglesias, o 09/11/2026 número de rexistro de entrada 2026-E-RE-2028:

"Expón Esta a participar en un concurso para una plaza (temporal) de cuidador de comedor. Solicita Se revisen las puntuaciones obtenidas".

Unha vez estudadas as alegacións presentadas, o tribunal acorda:

* En relación á revisión das puntuacións, procede desestimar a sua alegación por non existir ningún erro dado que o 06/11/2026 o tribunal valora os méritos do curriculum de dona Nerea Parra Iglesias remitido polo SPEG que obra no expediente de data do 05-11-2026, segundo o cal resultan as seguintes puntuacións:

- *Experiencia laboral como tecn. Educ infantil: 0,30 (2*0,10+1*0,10)*
- *titulación téc. Superior educ infantil: 0,50*

Cod. Validación: 56FYG2S63QLEZDNCC5EJKFPTW
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

- *Cursos: 0,30 (monitor aula matinal, 0,10+ monitor transporte escolar 0,10+ sensibilización en igualdade de género 0,10)*

* En relación coa documentación aportada con data 09/11/2026 número de rexistro de entrada 2026-E-RE-2028 dona Nerea Parra Iglesias presenta xunto co escrito de alegacións copia dunha nómina do mes de xuño 2026, copia título de bacharelato, copia autoliquidación da taxa de expedición do título de técnica superior educación infantil así como de varios cursos de formación.

Tal e como regulan as bases o tribunal tivo en conta o Curriculum Vitae remitido polo Servizo Público de Emprego e datado o 05/11/2026, polo que non procede a presentación desta documentación.

En consecuencia non se valoran as titulacións esixibles para formar parte do proceso selectivo: ESO, equivalente ou superior, manipuladora alimentos, monitor de tempo libre, primeiros auxilios e tal e como consta na acta do 06/11/2026 o tribunal acordou non valorar os cursos que no curriculum dos aspirantes remitido polo SPEG non estableza como tipo de acreditación "DOCUMENTAL".

Por canto antecede, o tribunal por unanimidade dos seus membros presentes acorda desestimar integramente as alegacións formuladas por dona Nerea Parra Iglesias, confirmando, en consecuencia, as valoracións do concurso, puntuacións finais e proposta de contratación que figuran no anuncio do tribunal de 06/11/2026.

-Roberto Arosa Filgueira, o 09/11/2026 número de rexistro de entrada 2026-E-RE-2030:

" Expón: En relación co proceso selectivo para a contratación de 1 traballador/a para realizar as funcións de coidador/a do Plan Madruga-Comedor, durante o período de incapacidade temporal da traballadora substituída, considero que a puntuación outorgada á miña candidatura non se corresponde cos méritos que figuran no currículo presentado. En concreto, no apartado relativo aos cursos de formación realizados nas áreas de cultura, xuventude ou educación, unicamente se valoran 3 dos 10 cursos achegados .Entendo que poderían quedar excluídos os títulos de Monitor de Ocio e Tempo Libre e de Manipulador de Alimentos, ao estar relacionados cos requisitos do posto. Porén, considero que os restantes cursos gardan unha relación directa coas áreas de cultura, xuventude ou educación, tal e como se establece no epígrafe correspondente das bases da convocatoria. Por este motivo, considero necesario coñecer os criterios aplicados para a valoración dos méritos achegados e os motivos polos que determinados cursos non foron tidos en conta

Solicita: A revisión das puntuacións do proceso selectivo, identificando os cursos que non foron valorados e os motivos da súa exclusión, así como a indicación do apartado concreto das bases da convocatoria no que se fundamenta cada decisión. Así mesmo, solicito que se me facilite o desglose da puntuación outorgada no apartado de formación, co fin de coñecer os criterios aplicados na valoración dos méritos presentados".

Unha vez estudadas as alegacións presentadas, o tribunal acorda:

Cod. Validación: 56FYG2S63QLEZDNCC5EJKFPTW
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

En relación á revisión das puntuacións, procede desestimar a alegación dado que o 06/11/2026 o tribunal valora os méritos do curriculum vitae de don Roberto Arosa Filgueira remitido polo SPEG que obra no expediente de data do 04-11-2026, segundo o cal resultan as seguintes puntuacións:*

- *Experiencia laboral como mestr. Educ infantil: 0,40 (4*0,10)*
- *Experiencia laboral como tecnico. Educ infantil: 0,30 (3*0,10)*
- *Experiencia laboral como monitor tempo libre:0,10 (2*0,05)*
- *titulación Grao mestre educ infantil: 0,50*
- *Cursos:0,30 (educ contextos diferenciados, 0,10+ o reto de acoso escolar 0,10+ IV xornadas experiencias educación infantil 0,10)*

Tal e como regulan as bases o tribunal tivo en conta o Curriculum Vitae remitido polo Servizo Público de Emprego e datado o 04/11/2026, en dito curriculum aparecen varios cursos que non se tiveron en conta dado o tipo de acreditación “VERBAL” e na acta do 06/11/2026 o tribunal acordou non valorar os cursos que no curriculum dos aspirantes remitido polo SPEG non estableza como tipo de acreditación “DOCUMENTAL”.

En consecuencia non se valoran as titulacións esixibles para formar parte do proceso selectivo: ESO, equivalente ou superior, manipulador alimentos, monitor de tempo libre, primeiros auxilios e tal e como consta na acta do 06/11/2026 o tribunal acordou non valorar os cursos que no curriculum dos aspirantes remitido polo SPEG non estableza como tipo de acreditación “DOCUMENTAL”.

* En relación co curriculun vitae aportado con data 09/11/2026 número de rexistro de entrada 2026-E-RE-2030, o aspirante don Roberto Arosa Filgueira presenta no trámite de alegacións un novo curriculum **emitido o día 9 de novembro polo SEPE**, que non coincide co remitido por ese Servizo a este Concello e que obra no expediente. Nese novo curriculum aparecen cursos con tipo de acreditación “DOCUMENTAL” e que non están documentados no **currículo datado o 04/11/26** tido en conta e valorado polo tribunal reunido o 06/11/2026 segundo o cal esas titulacións aparecen como tipo de acreditación “VERBAL”.

Por canto antecede, o tribunal por unanimidade dos seus membros presentes acorda desestimar integramente as alegacións formuladas por don Roberto Arosa Filgueira, confirmando, en consecuencia, as valoracións do concurso, puntuacións finais e proposta de contratación que figuran no anuncio do tribunal de 06/11/2026.

Cod. Validación: 56FYG2S63QLEZDNCC5EJKFPTW
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

En consecuencia, confírmanse as valoracións do concurso, puntuacións finais e proposta de contratación que figuran no anuncio do tribunal de 06/11/2026, e fanse públicas as puntuacións obtidas polos aspirantes preseleccionados polo SPEG, oferta emprego 12-2026-10507, do referido proceso selectivo:

Aspirante	Experiencia laboral	Titulación	Cursos	**Puntuación total**
SANTOS FERREIRO FÁTIMA	**1,60**	**0,5**	**0,10**	**2,20**
VÁZQUEZ REY NOELIA	**1,00**	**1,00**	**0,10**	**2,10**
AROSA FILGUEIRA ROBERTO	***0,80***	**0,5**	**0,30**	**1,60**
PARRA IGLESIAS NEREA	**0,30**	**0,5**	**0,30**	**1,10**
CHOREN AROSA SANDRA	***0,35***	**0,5**	**-**	**0,85**

Atendendo ao número de prazas a seleccionar, que é de **1 traballador/a para realizar as funcións de Coidador/a plan madruga-comedor** o tribunal acorda propoñer á Alcaldía a contratación de:

- SANTOS FERREIRO FÁTIMA

En Meaño,

A presidenta do tribunal

Cristina Maria García González

A secretaria do tribunal

Alejandra Rodriguez Cortegoso

documento datado e asinado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: 56FYG2S63QLEZDNCC5EJKFPTW
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4